

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS  
PERMANENTES DO DÍA 7 DE XANEIRO DE 2009, CON CARÁCTER  
SUPLETORIO DA CORRESPONDENTE AO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día sete de xaneiro de 2009, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Non asiste, con escusa, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, do PP, por imposibilidade de asistencia de dona Goretti Pérez Eléxpuru.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste, como secretaria, dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR,**

**FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

**1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2008**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

**2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO  
AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS**

**1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2008**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

**2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

**1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2008**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2008.

Non se formula ningunha observación polo que, a Comisión Informativa, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

## **2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e dez minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de  
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e  
Promoción Económica

Presidenta da Comisión Informativa de  
Ordenación do Territorio, Medio  
Ambiente, Obras e Servizos

Antonio Varela Saavedra

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de  
Educación, Benestar Social, Cultura,  
Normalización Lingüística e  
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia